

Ola rapaces, déixovos as solucións á ficha da semana pasada. Fixádevos ben nos vossos erros, e no caso de que foran moitos, sería convinte que os fixérades de novo. Aos que tivérades poucos erros, darvos os parabens, e pedirvos que sigades igual nos seguintes temas.

Os seres vivos

Unidade 01

PREGUNTA Nº 1



Constrúe unha oración a partir das seguintes palabras: nacer – medio – seres – vitais – células – crecer

SOLUCIÓN

Os seres vivos están constituídos por células que levan a cabo funcións vitais que lles permiten nacer, crecer, reproducirse e adaptarse ao medio.

PREGUNTA Nº 2



Completa o cadro coas diferenzas entre os seres vivos e os seres inertes.

Seres vivos	Seres inertes

SOLUCIÓN

Seres vivos	Seres inertes
Están formados por células.	Non están formados por células.
Realizan as funcións vitais.	Non realizan as funcións vitais.
Necesitan auga e nutrientes.	
Responden aos cambios do seu medio.	

PREGUNTA Nº 3



Escribe V, se a oración é verdadeira e F, se é falsa.

As funcións vitais dos seres vivos son catro: reprodución, relación, nutrición e respiración.	
A reprodución permite aos seres vivos dar orixe a novos organismos.	
As funcións vitais dos seres vivos son tres: reprodución, relación e nutrición.	
Os seres humanos somos autótrofos.	
Os seres vivos levan a cabo funcións vitais a diferenza dos seres inertes.	
Os seres vivos obteñen os seus alimentos dos nutrientes.	

SOLUCIÓN

As funcións vitais dos seres vivos son catro: reprodución, relación, nutrición e respiración.	F
A reprodución permite aos seres vivos dar orixe a novos organismos.	V
As funcións vitais dos seres vivos son tres: reprodución, relación e nutrición.	V
Os seres humanos somos autótrofos.	F
Os seres vivos levan a cabo funcións vitais a diferenza dos seres inertes.	V
Os seres vivos obteñen os seus alimentos dos nutrientes.	V

PREGUNTA Nº 4



Localiza no barullo de letras catro palabras clave que che permiten definir a célula e escribe a definición.


E	M	E	M	B	R	E	N	O	S
M	E	S	P	R	O	Z	O	E	B
B	A	S	C	L	R	O	C	N	S
E	A	O	T	W	U	B	L	J	S
A	L	G	A	R	A	A	E	K	I
G	T	U	A	G	U	C	A	L	N
E	M	V	Z	O	L	T	E	Ñ	X
N	I	C	N	O	O	E	U	U	E
V	I	O	V	I	R	R	S	R	L
S	C	I	T	O	P	I	A	C	A
E	G	C	O	Ñ	E	C	E	O	S
P	L	A	S	M	O	M	A	M	A

A célula é

SOLUCIÓN

E	M	E	M	B	R	E	N	O	S
M	E	S	P	R	O	Z	O	E	B
B	A	S	C	L	R	O	C	N	S
E	A	O	T	W	U	B	L	J	S
A	L	G	A	R	A	A	E	K	I
G	T	U	A	G	U	C	A	L	N
E	M	V	Z	O	L	T	E	Ñ	X
N	I	C	N	O	O	E	U	U	E
V	I	O	V	I	R	R	S	R	L
S	C	I	T	O	P	I	A	C	A
E	G	C	O	Ñ	E	C	E	O	S
P	L	A	S	M	O	M	A	M	A

A célula é a estrutura viva máis sinxela que se coñece.



PREGUNTA Nº 5




A partir dos fragmentos de oracións desordenadas que se mostran, constrúe as definicións das funcións de nutrición celular, de reprodución celular e de relación.

Nutrición celular:

Reprodución celular:

Relación celular:



SOLUCIÓN

Nutrición celular: As células obteñen do medio os nutrientes e a enerxía que necesitan para vivir.

Reprodución celular: As células dan lugar a novas células con características similares ás das súas proxenitoras.

Relación celular: As células perciben os cambios que se producen no seu medio e responden ante eles.

PREGUNTA Nº 6




Escribe o nome das partes sinaladas e despois relaciona cada parte da célula coa súa función.

- Núcleo •
 - É o líquido que se atopa no interior da membrana, contén orgánulos.

- Membrana •
 - Contén o material xenético, que controla e dirixe o funcionamento da célula.

- Citoplasma •
 - Desempeñan distintas funcións, como obter enerxía ou eliminar substancias de refugallo.

- Orgánulos •
 - É unha capa que rodea a célula. Protéxea do medio externo e controla tanto a entrada de nutrientes como a saída de refugallos.




SOLUCIÓN

Núcleo: contén o material xenético, que controla e dirixe o funcionamento da célula.

Membrana: é unha capa que rodea a célula. Protéxea do medio externo e controla tanto a entrada de nutrientes como a saída de refugallos.

Citoplasma: é o líquido que se encontra no interior da membrana, contén orgánulos.

Orgánulos: desempeñan distintas funcións, como obter enerxía ou eliminar substancias de refugallo.




PREGUNTA Nº 7




Completa os esquemas cos nomes das partes da célula animal e vexetal.

Explica en que se diferencian ambas as células.



SOLUCIÓN

Diferéncianse en que a célula vexetal ten parede celular e cloroplastos que a célula animal non posúe.



PREGUNTA Nº 8



Completa cada unha das definicións coa axuda das palabras.

funcións células pluricelulares organizada

Os organismos _____ están constituídos por un gran número de _____ que traballan de forma _____ para que o organismo realice as súas _____ vitais.

independentemente unha unicelulares

Os organismos _____ están constituídos por _____ célula que pode vivir _____.

SOLUCIÓN

Os organismos **pluricelulares** están constituídos por un gran número de **células** que traballan de forma **organizada** para que o organismo realice as súas **funcións** vitais.

Os organismos **unicelulares** están constituídos por **unha** célula que pode vivir **independentemente**.

PREGUNTA Nº 9



Completa o cadro coas diferenzas entre organismos unicelulares e organismos pluricelulares.

	Organismos unicelulares	Organismos pluricelulares
Formados por		
Tamaño		
Exemplos		





SOLUCIÓN

	Organismos unicelulares	Organismos pluricelulares
Formados por	Unha soa célula.	Varias células.
Tamaño	Microscópico.	Macroscópico.
Exemplos	Bacterias, protozoos.	León, peixe.


PREGUNTA Nº 10



Ordena de máis sinxelo a máis complexo e escribe o seu nome debaixo do debuxo correspondente.

Sistema muscular	Bíceps	Tecido muscular	Célula muscular
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
			

SOLUCIÓN



Sistema muscular

Biceps


Tejedio muscular

Célula muscular


PREGUNTA Nº 11



Completa este esquema sobre os cinco reinos.




SOLUCIÓN



PREGUNTA Nº 12



Colorea coa mesma cor os recadros que se relacionan entre eles.



SOLUCIÓN

Reino animais – Pluricelulares – Desprázanse – Vertebrados – Invertebrados

Reino plantas – Pluricelulares – Fabrican o seu alimento – Móvense – Non se desprazan

Reino fungos – Unicelulares ou pluricelulares

Reino protistas – Unicelulares ou pluricelulares

Reino moneras – Unicelulares


PREGUNTA Nº 13



Pon o nome dos reinos que faltan e relaciona cada un cos seguintes seres vivos.



SOLUCIÓN



PREGUNTA Nº 14



Pon X xunto ás oracións verdadeiras.

Os virus teñen as mesmas características ca as bacterias.	
Os virus reproducense facendo copias de si mesmos.	
Os virus, cando ingresan no organismo, producen enfermidades.	
Os virus considéranse verdadeiros seres vivos.	
Os virus pertencen ao reino protistas.	
Os virus son heterótrofos e invertebrados.	

SOLUCIÓN

Os virus teñen as mesmas características ca as bacterias.	
Os virus reproducense facendo copias de si mesmos.	X
Os virus, cando ingresan no organismo, producen enfermidades.	X
Os virus considéranse verdadeiros seres vivos.	
Os virus pertencen ao reino protistas.	
Os virus son heterótrofos e invertebrados.	

PREGUNTA Nº 15



Constrúe unha oración a partir das seguintes palabras: microscopio, células, microorganismos, ollo, humano, bacterias.

SOLUCIÓN

O microscopio permite ver microorganismos, células, bacterias que non percibe o ollo humano.

PREGUNTA Nº 16



Marca con X aquilo que se visualiza con lupa binocular.

A célula dunha cebola.	
Unha folla dunha planta.	
Unha bacteria.	
Unha cascuda.	
Un protozoo.	

SOLUCIÓN

A célula dunha cebola.	X
Unha folla dunha planta.	X
Unha bacteria.	
Unha cascuda.	X
Un protozoo.	